

## CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O CONCELLO DE FERROL PARA O MANTEMENTO DO CENTRO DE ACOLLIDA PARA A ATENCIÓN A MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO DEPENDENTE DO CONCELLO

### REUNIDOS

Dunha banda:

Fabiola García Martínez, Conselleira de Política Social e Igualdade en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra :

José Manuel Rey Varela, Alcalde-presidente do Concello de Ferrol, con NIF P1503700E, en representación do Concello, elixido en sesión plenaria do dezasete de xuño de dous mil vinte e tres, en virtude das atribucións que lle son outorgadas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

Ambas as dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para conveniar en nome das entidades que representan teñen conferidas,

### EXPOÑEN

#### Primeiro

As Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

#### Segundo

O Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 4.2 sinala que corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.



### Terceiro

A Consellería de Política Social e Igualdade, segundo o disposto no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á eliminación da violencia de xénero, nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e na demais lexislación aplicable na materia.

### Cuarto

A Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, articula medidas dirixidas a reforzar os servizos sociais de información, atención, emerxencia, apoio e recuperación integral, así como o establecemento dun sistema para a eficaz coordinación dos servizos existentes a nivel municipal e autonómico. Establece o dereito das mulleres vítimas de violencia a servizos de atención, de emerxencia, de apoio, de acollida e de atención integral. A organización destes servizos por parte das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais responderá aos principios de atención permanente, atención urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariedade profesional.

### Quinto

No artigo 48 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, régúlase a Rede galega de acollemento indicando que os centros de acollida son recursos especializados residenciais e temporais que lles ofrecen acollemento, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero e que garantirán un tratamento integral de atención e/ou de recuperación, que abranga aspectos psicolóxicos, educativos, sociolaborais e xurídicos e favoreza a normalización da situación persoal das mulleres, da súa unidade familiar e a superación dos efectos da violencia.

### Sexto

O Concello de Ferrol, na súa condición de entidade prestadora de servizos sociais (Nº. Rexistro E0466) é titular dunha casa de acollida para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero, incluída na rede autonómica de centros de atención a mulleres, centro que cumpre os requisitos establecidos na orde do 1 de abril de 1997, pola que se regulan os requisitos específicos dos centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos.

### Sétimo



A Consellería de Política Social e Igualdade considera necesario fomentar coa concesión dunha subvención pública a prestación dos servizos por parte do Concello de Ferrol a través a súa casa de acollida contribuíndo ao seu mantemento ao abeiro do disposto no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Que a concesión directa da subvención por parte da Consellería de Política Social e Igualdade a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na que se prevé a posibilidade de excepcionalar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar uns recursos de acollida para as mulleres vítimas de violencia de xénero que contén cuns servizos de calidade.

### **Oitavo**

O carácter singular do presente convenio, vén determinado por razóns de interese público, social e humanitario. Cómpre sinalar que na nosa Comunidade Autónoma, actualmente, tan só hai en funcionamento tres centros de acollida dependentes de concellos, creados ao abeiro da Orde de 1 de abril de 1997 polo que se regulan os requisitos para a autorización deste tipo de centros. Tendo en conta que a Casa de Acollida para Mulleres é a única casa que existe na cidade de Ferrol, que forma parte da Rede galega de Acollemento, que se trata dun equipamento residencial especializado de carácter temporal que garante un espazo de protección e proporciona a cobertura de necesidades básicas como o aloxamento, manutención e gastos farmacéuticos ás persoas destinatarias do recurso e que da resposta ás necesidades básicas e proporciona unha intervención integral multidisciplinar atendida por equipos que garanten un tratamento integral de atención e/ou recuperación que abarque aspectos psicolóxicos, educativos, sociolaborais e xurídicos e que esta casa de acollida de Ferrol, xunto coa de Coruña, son as únicas existentes na Provincia da Coruña, que é a provincia con máis poboación de Galicia, non procede a realización dunha convocatoria pública con concorrencia para a concesión da subvención.

O evidente interese social e humanitario da labor desenvolvida por estes centros, levan á Consellería de Política Social e Igualdade a establecer unha colaboración o máis estreita posible, con cada un dos concellos e as súas casas de acollida.

Por todo o exposto ambas as dúas partes acordan asinar o presente convenio en base ás seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA. OBXECTO**



O obxecto deste convenio é establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Concello de Ferrol, a través da concesión directa dunha subvención pública, para o financiamento de gastos correntes derivados do mantemento da casa de acollida para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero dependente do concello, que ten como finalidade proporcionar aloxamento, manutención e atención integral ás mulleres vítimas de violencia de xénero e as súas fillas e fillos, garantíndolle un espazo de protección e recuperación.

## SEGUNDA. ORZAMENTO

A previsión do orzamento de gastos para a realización das actuacións de mantemento da casa de acollida que ten previsto realizar o Concello de Ferrol, ascende á cantidade de 149.850,00€.

Para a realización das actividades a subvencionar a través do presente convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará a cantidade de 149.850,00 € (cento corenta e nove mil oitocentos cincuenta euros). Esta cantidade librarase con cargo á aplicación orzamentaria 08.06.313D.460.0 (código de proxecto 2015 00146) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma galega, para os gastos correntes efectivamente realizados derivados do funcionamento e mantemento do centro, podéndose imputar gastos de asistencia psicolóxica e/ou xurídica dirixidos ao tratamento e atención das mulleres acollidas no centro e aos seus fillos/as, que se distribúe, segundo o disposto no artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, nas seguintes anualidades:

| Ano   | Importe   |
|-------|-----------|
| 2025  | 49.950 €  |
| 2026  | 49.950 €  |
| 2027  | 49.950 €  |
| Total | 149.850 € |

## TERCEIRA. COMPATIBILIDADE

Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.



#### CUARTA. XUSTIFICACIÓN E MODO DE PAGAMENTO

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, mediante a presentación da seguinte documentación:

1. **Memoria final** das actuacións desenvolvidas.
2. **Declaración responsable** de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.
3. **Conta xustificativa** integrada, con carácter xeral, polos documentos que se sinalan a continuación:
  - a) **Certificación** da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida.
  - b) **Certificación** expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e prace do/a alcalde/esa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar de forma detallada:
    - 1º. o cumprimento da finalidade da subvención.
    - 2º. os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación:
      - identificación do/a acredor/a ou tratándose de gastos de persoal, o traballador/a.
      - nº de factura ou documento equivalente. Os gastos de persoal xustificaranse mediante as nóminas acompañadas dos seguros sociais e da retención á conta do imposto do IRPF xunto cos xustificantes bancarios que acrediten o seu pagamento. Deberán presentar a: relación nominal dos traballadores/as que se inclúen como xustificación das actuacións a subvencionar a través deste convenio que deberá indicar o mes que se xustifica, apelidos, nome, e NIF da persoa traballadora, data de pagamento das retribucións, importe da seguridade social con cargo á entidade, porcentaxe de imputación e importe mensual total imputado. Ademais deberanse achegar os documentos que acrediten os custos de persoal: copia das nóminas e relación nominal de traballadores (RNT) e o seu pagamento (xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social (RLC).
      - importe da factura ou documento equivalente.
      - data de emisión e data de pagamento ou data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. No caso de remitir a data de recoñecemento da obriga deberán de acreditar documentalmete a efectividade dos pagamentos



realizados no prazo máximo de 60 días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria.

**A xustificación correspondente ao ano 2025 comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 15 de novembro de 2025 e deberá presentarse na Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade con data límite 20 de novembro de 2025.**

**A xustificación correspondente ao ano 2026 comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 15 de novembro de 2026 e deberá presentarse na Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade con data límite 20 de novembro de 2026.**

**A xustificación correspondente ao ano 2027 comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2027 e o 15 de novembro de 2027 e deberá presentarse na Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade con data límite 20 de novembro de 2027.**

Non obstante, de acordo co establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, poderán realizarse pagamentos á conta por un importe de ata o 80% da porcentaxe subvencionada, correspondente aos pagamentos xustificadas. Para o seu aboamento será necesario presentar a documentación antedita, agás a memoria de actuación.

De acordo co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en relación cos seus artigos 62.3 e 67 do mesmo corpo legal, quedan exonerados da constitución de garantías os beneficiarios e as beneficiarias de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, transferencias correntes, destinados a familias e institucións sen fins de lucro.

#### **QUINTA. TRAMITACIÓN NA SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA**

A documentación relativa á tramitación deste convenio presentarase por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregarase o procedemento PR004A, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin cun modelo electrónico normalizado.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).



As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

## SEXTA. NOTIFICACIÓNS

As notificacións practícaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola entidade. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practícarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

## SÉTIMA. OBRIGAS

O Concello de Ferrol, como entidade beneficiaria da subvención, debe cumprir coas obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como co disposto no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, a saber:

a) Manter o centro en funcionamento e prestar o servizo integral, de atención, emerxencia, apoio, acollida e de recuperación ás mulleres vítimas de violencia de xénero dándolles aloxamento de forma temporal e con carácter de urxencia.



- b) Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias á Administración e á Seguridade Social correspondentes ás accións das que se derive o pagamento de impostos, retencións e cotas que conlevan as actuacións derivadas da execución do convenio.
- c) Realizar a divulgación das actuacións segundo as instrucións que determine a Consellería de Política Social e Igualdade e facer constar en toda a publicidade ou presentación pública que se realice a colaboración que presta a Consellería de Política Social e Igualdade.
- d) Presentar, antes da sinatura deste convenio, as certificacións acreditativas de estar ao no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- e) Destinar os fondos percibidos ao obxecto para o que foron concedidos e non percibir ningunha remuneración por parte das persoas usuarias da casa de acollida.
- f) Garantir o disposto no Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero, asinado o 25 de maio de 2016, en todo o relativo ao ingreso de mulleres en situación de violencia de xénero na casa de acollida de Ferrol, no marco da concesión dunha subvención a través de este convenio.
- g) Cooperar e colaborar coa Consellería de Política Social e Igualdade e a Rede Galega de Acollemento, na derivacións das mulleres vítimas de violencia de xénero e das súas fillas e fillos, tanto das procedentes doutros centros de acollida da Comunidade Autónoma de Galicia ou doutras comunidades autónomas, de acordo cos protocolos e procedementos establecidos para estes efectos por parte da Comunidade Autónoma de Galicia, de cara a unificar criterios de actuación nas citadas derivacións dentro e fóra da comunidade autónoma, no marco da concesión dunha subvención para o mantemento da casa de acollida a través de este convenio.
- h) Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma e da Consellería de Política Social e Igualdade.
- i) Facilitar toda a información que lle sexa requirida polos órganos competentes da Consellería de Política Social e Igualdade, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- j) Comunicarlle á Consellería de Política Social e Igualdade calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de



subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional.

k) Cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e tamén se compromete a cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.

l) Subministrar á Consellería de Política Social e Igualdade, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Consellería de Política Social e Igualdade, das obrigas previstas no Título I da citada lei. O incumprimento desta obriga determinará, se é o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no número 4 do citado artigo.

m) Remitir trimestralmente, e dentro dos primeiros vinte días do mes seguinte a aquel, os datos relativos ás persoas usuarias do centro (nº persoas usuarias, nacionalidade, concello de procedencia, idade, estado civil, modo de derivación ao centro, vínculo co agresor, promedio de estancia no centro e discapacidade) así como a porcentaxe media de ocupación do centro. En todo caso os datos axustaranse ao modelo remitido pola Consellería de Política Social e Igualdade para o seu envío trimestral.

n) Presentarlle á Consellería de Política Social e Igualdade, xunto coa documentación xustificativa, unha memoria de actuación na que se recollerán as experiencias do funcionamento, que incluírá: o número de prazas dispoñibles do centro, os datos das persoas usuarias segundo os criterios establecidos no punto anterior, as actividades realizadas, os medios humanos e materiais empregados, o balance de ingresos e gastos, ademais daqueles outros aspectos que o concello considere salientables.

o) Remitir ao Consello de Contas as contas xerais de cada exercicio nos termos establecidos no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

## OITAVA. VIXENCIA

O presente convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027. Non obstante, os gastos das actuacións a subvencionar a través do presente convenio que realizase a entidade dende o 1 de xaneiro de 2025 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro.

## NOVENA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL



Para levar a cabo os obxectivos e fins das actuacións a subvencionar a través deste convenio a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento previsto no presente convenio, o persoal que no seu caso precise para o seu desenvolvemento.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas ou profesionais dependentes do centro que vaian desenvolver as actividades e a Consellería de Política Social e Igualdade, Xunta de Galicia e os seus organismos ou entidades vinculadas ou dependentes.

### **DÉCIMA. MODIFICACIÓN, REVOGACIÓN, E REINTEGRO**

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas..

Ao abeiro do artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga da xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- b) Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desistencia pola outra parte, procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos reintegrarase ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos mais perentorios que esta dispuxese.

O concello poderá solicitar a modificación das características da actividade subvencionada, cunha antelación mínima dun mes á data de remate do prazo de realización da actividade, ao abeiro do artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.



## **DÉCIMO PRIMEIRA. NATUREZA ADMINISTRATIVA E RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO.**

Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, , o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e subsidiariamente, e para o caso de plantexarse dúbidas ou lagoas, polos principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

En todo caso, o Convenio non se atopa comprendido en ningún dos contratos regulados pola Lei 9/2017, de 8 de novembro.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

## **DÉCIMO SEGUNDA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio creárase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes do Concello de Ferrol designadas polas persoas que representen a cada unha das partes, así como os seus suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade designada pola persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de loita contra a violencia de xénero.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a que asuma a súa suplencia, será unha persoa adscrita á dirección xeral con competencias en materia de de loita contra a violencia de xénero, designada pola persoa titular da Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ás cláusulas do presente convenio e ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector



público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

### DÉCIMO TERCEIRA. PROTECCIÓN DE DATOS

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.



As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

#### **DÉCIMO CUARTA. PUBLICIDADE**

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifiestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso do beneficiario a favor da Administración concedente, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicidade.

Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

E en proba de conformidade as partes asinan este convenio.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E  
IGUALDADE

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO  
DE FERROL

Fabiola García Martínez

José Manuel Rey Varela

